

PREGUNTA DE AER SOBRE A REHABILITACIÓN DO PEIRAO DA PORTELA E A ERRADICACIÓN DE FLORA INVASORA

PLENO 31 MARZO 2015. ACTA 06/2015

Visto o camiño que levan as obras de “rehabilitación” do peirao da Portela, peirao de gran valor histórico e patrimonial; que basicamente consistiron en botar caldeiros de cemento na zona de acceso e entre as pedras que forman parte do peirao, chegando a utilizar como base dun valado un poste da luz. Sabendo que teñen de prazo para o seu remate ata o 15 de xuño e informados por residentes da zona que esta desfeita levouse a cabo en dous días, sen que polo momento se acometeran máis accións; non sabemos o por que desta présa, a menos que quixeran inaugurar a obra antes do período electoral para así ter unha fotiña máis para a prensa.

Lembrámoslle que neste proxecto tamén se incluía a erradicación de flora alóctona invasora no paseo da Portela. Polo momento con respecto a este tema, a única medida levada a cabo foi una roza dalgunhas zonas e a plantación de loureiros; debe ser que non existen máis especies arbóreas autóctonas axeitadas para a zona.

O paseo segue inzado de flora invasora como a acacia negra, sen que se levara a cabo ningunha actuación para a súa erradicación.

Ante o exposto anteriormente preguntamos ao alcalde:

Que medidas teñen pensado tomar para solucionar estas eivas?

O concelleiro ÁLVAREZ BALLESTEROS di que é certo que aí se fixo unha auténtica chapuza xa que se contratou o traballo cunha empresa de xestión medio ambiental e foi un desastre o que quere dicir que non todas as empresas traballan como debe ser. O arquitecto estivo con eles e teñen que restablecer a desfeita e ata que non o fagan non se lles paga. Non está rematada nin recibida.